

Referencia:	2020/22497L
Procedemento::	Expedientes relativos a otros actos de administración de bienes y derechos patrimoniales
Interesado:	CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR , COMUNIDAD MONTES VECINALES MANO COMUN A CHAIRA
Representante:	
GABINETE DE ASESORÍA XURÍDICA E ASIST. MUNICIPIOS (5662)	

**CONVENIO DE CESIÓN DE TERREOS PARA USO DE APARCAMENTO
ENTRE A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO MONTE COMUNAL A
CHAIRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

COMPARECEN

De unha parte, D. José Manuel Baltar Blanco con DNI núm. 34962672-G, Presidente da Deputación Provincial de Ourense con CIF núm. P3200000B, actuando en nome e representación desta entidade local e en uso das atribucións que lle son conferidas polo artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e actuando en uso das competencias atribuídas polos artigos 109 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, asistido polo Secretario Xeral D. Juan Marquina Fuentes.

Doutra parte, Don Emilio Pato Dopazo con DNI núm. 34.905.227-J na súa calidade de Presidente e en nome e representación da Comunidade de propietarios do monte comunal A Chaira clasificada por Resolución de 28 de xuño de 2005 do Xurado provincial de clasificación de Montes veciñais en man común de Ourense (DOG núm. 159 de 19 de agosto de 2005) con NIF V32241606.

Ambas partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a asinaturad o presente convenio de cesión de uso e, a tal efecto:

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a Deputación Provincial de Ourense asinou no ano 2006 un Convenio de colaboración coa Confederación Hidrográfica do Norte do Ministerio de Medio Ambiente para a cofinanciación e xestión das obras de acondicionamento do entorno do embalse de Cachamuiña no termo municipal de O Pereiro de Aguiar coa finalidade de por en marcha unha área natural no entorno de dito encoro mediante a plantación de bosque autóctono, creación de paseos peonís, áreas de expansión e recreo e accións puntuais encamiñadas a manter, en determinadas zonas a lámina de auga en condicións de estiaxe con dispositivos de control da sedimentación, que potencien a beleza paisaxística e ambiental da zona. Finalizada as obras hidráulicas, o organismo de bacía cedeu o terreo á Deputación Provincial de Ourense para o uso público que legalmente lle correspóndese.

A mellora medioambiental, as actuacións previstas para convertelo nun parque perirubano (instalación dun parque infantil, un parque de calistenia, un parque da igualdade e un parque canino) e a súa proximidade á cidade de Ourense están a provocar unha grande afluencia de público que se traslada ata o lugar utilizando medios de locomoción privados.

O parque conta cunha zona de aparcadoiros que se amosa insuficiente para o fluxo de vehículos que se incrementa día a día. Este feito está a influír na seguridade viaria, ao utilizar as marxees das estradas adxacentes a modo de aparcadoiros, e os vehículos invaden, en ocasións, as zonas verdes provocando estragos na vexetación.

Segundo.- Que a Comunidade de propietarios do monte comunal A Chaira , constituída o 28 de febreiro de 1977 e clasificada como tal pola Resolución de 28 de xuño de 2005 do Xurado provincial de clasificación de Montes veciñais en man común de Ourense (DOG núm. 159 de 19 de agosto de 2005), ten a obriga de xestionar a biomasa na rede primaria de faixas ao longo da rede de estradas de acordo co disposto no artigo 20.bis da Lei 33/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia polo que deben realizar traballos de limpeza de destas franxas e darlle aos residuos xerados o tratamento que corresponda ao longo do ano.

Terceiro.- Que a Comunidade de propietarios do monte comunal A Chaira é titular da parcela con referencia catastral 32059A099003550000OE cunha superficie de 4.316 m². Este terreo sitúase entre a actual OU-0508 e un tramo de viario abandonado

correspondente ao antigo trazado de dita estrada e carente de valores ambientais especialmente protexidos.

Cuarto.- Na asemblea da Comunidade de propietarios do monte comunal A Chaira celebrado os días 4 de setembro de 2020 para os comuneiros/as de O Vilar-O Pereiro de Alén, o 5 de setembro de 2020 para os comuneiros/as de Cortiñas e Cebreiros e o 6 de setembro de 2020 para os comuneiros/as de Santa Marta-Casmartiño e A Derrasa aprobaron *por unanimidade e co quórum necesario, do convenio coa Deputación Provincial de Ourense entre o Monte Comunal e a Deputación provincial de Ourense* coa finalidade de ceder este terreo á Deputación Provincial de Ourense por un período de trinta anos con destino a aparcadoiro a cambio de que a Deputación xestione a biomasa existente na faixa da rede primaria que discorre paralela á estrada provincial (10 m) a OU-0508 Ponte dos Gozos-Parada de Sil, na superficie colidante incluída no monte A Chaira, dende a rotonda que une a OU-536 coa OU-0580 e ata o CEIP Ben Cho Shey, nas dúas marxes da estrada. A maioría alcanzada é suficiente para validar actos de disposición de acordo co disposto no artigo 18 da Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común.

Quinto.- Que o artigo 5 da Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común establece a posibilidade de que *os montes veciñais en man común, pese a súa inalienabilidade, poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto por obras, instalacións explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden de modo principal no beneficio directo da comunidade de veciños, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18.1. A cesión poderá ser por tempo indefinido en favor de calquera das Administracións Públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia comunidade e en tanto se manteña o fin para o que se fixo a cesión.*

Sexto.- A cesión de terreos que se materializa mediante este instrumento redunda de modo principal no beneficio directo da comunidade de veciños que aforran os custes da xestión da biomasa na faixa da rede primaria que discorre paralela á estrada provincial (10 m) OU-0508 Ponte dos Gozos-Parada de Sil, na superficie colidante incluída no monte A Chaira, dende a rotonda que une a OU-536 coa OU-0580 e ata o CEIP Ben

Cho Shey, nas dúas marxes da estrada e na creación dunha dotación de aparcadoiro público que pon en valor o monte A Chaira.

Ambas partes acordan formalizar este convenio de cesión establecendo a tal efecto as seguintes

CLÁUSULAS

Primeiro.- A Comunidade de propietarios do monte comunal A Chaira cede o uso e gozo á Deputación Provincial de Ourense, que acepta a mesma, da parcela con referencia catastral 32059A099003550000OE cunha superficie de 4.316 m² durante un prazo de trinta anos.

A parcela que se cede efectúase como corpo certo de acordo coa dita referencia catastral.

Segundo.- A Comunidade de propietarios do monte comunal A Chaira mantén a plena e integra propiedade dos terreos coa excepción do uso material dos mesmos que será exercido pola Deputación Provincial de Ourense.

Terceiro.- A Deputación Provincial de Ourense obrígase á:

1. Destina-la parcela a aparcadoiro ao uso e gozo público, sen prexuízo de que se poida limitar o uso ou autoriza-la ocupación temporal por instalacións non permanentes que supoñan un uso especial da parcela.
2. Xestiona-la biomásas existente na faixa da rede primaria que descorre paralela á estrada provincial (10 m) OU-0508 Ponte dos Gozos-Parada de Sil, na superficie colidante incluída no monte A Chaira, dende a rotonda que une a OU-536 coa OU-0580 e ata o Colexio Ben Cho Sei, nas dúas marxes da estrada nos meses de maio-xuño.
3. Non ceder con carácter permanente o uso a terceiros, nin de forma gratuíta nin onerosa.

Quinta.- A Deputación Provincial de Ourense poderá realizar toda clase de obras na superficie da parcela con destino á acomodación da mesma a uso público a que se destina, abarcando tal autorización o asfaltado, pintado, instalación de servizos de luz e

auga e todos aqueles necesarios para a posta en funcionamento do aparcadoiro. A realización destas obras non precisa de comunicación previa a Comunidade de propietarios de montes veciñais en man común A Chaira, sen prexuízo da necesidades de obter os títulos habilitantes que fosen precisos para a realización das obras.

Sexta.- A cesión de uso obxecto deste convenio non se encontra suxeita a prezo ou renda algunha.

Oitava.- O presente convenio ten unha duración de trinta anos dende a firma do presente convenio.

Novena.- Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a. Por transcurso do prazo.
- b. Por decisión unilateral da Deputación.
- c. Por denuncia de calquera das súas partes, por algunha das seguintes causas:
 - i. Destina-la parcela a un uso diferente ao de aparcadoiro público ou incumprir o disposto na Cláusula Terceira.1.
 - ii. Incumpri-la obriga disposta na Cláusula Terceira.3.
 - iii. Realizar calquera tipo de obras ou actos que poidan causar prexuízo grave ao uso ou á propiedade da parcela.

Décima.- As controversias que xurdan na aplicación e interpretación deste convenio resolveranse por vía xudicial do orde xurisdicional civil da provincia de Ourense.

Lugar e data da firma dixital

Presidente Deputación

Secretario Deputación

Presidente da comunidade do monte comunal A Chaira